

Documento distribuído por
Álbum de mulleres

E voou

Texto sobre a obra de María Mazás elaborado pola
investigadora, escritora e ensaísta Aurora Marco
(outubro 2018)



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

E voou...

Aurora Marco

Un día do pasado xuño trasladeime a Cangas cun único propósito: acudir ao Auditorio Municipal para visitar a exposición de María Mazás, que se desenvolveu no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas como homenaxe á artista desaparecida hai un ano. Foi ver os óleos, os *collages*, as "crebas" e ficar engaiolada... Foi ler o seu "Poemario Atlántico" e ficar envolvida na auréola de misterio que desprendía aquel espazo poético-artístico. Desfrutei con tanta beleza e quixen apreixar o espírito que latexaba naquelas fermosas creacións da autoría dunha artista, dunha creadora, para min descoñecida até aquel momento. Tras a presentación de María Armesto que figuraba nun panel da exposición e que foi de grande utilidade para introducir espectadoras e espectadores na mostra antolóxica da coruñesa, quixen saber máis daquela artista multifacética –autora dunha obra absolutamente persoal e orixinal–, en proceso constante de investigación, de autoformación, de estudo, de experimentación, cunha intensa traxectoria profesional que a levou da danza clásica ás artes plásticas (pintura, escultura), á poesía, sen esquecer os dezasete frutíferos anos dedicados ao oficio da sombreiraría, que elevou a categoría artística.

Non hai demasiada información sobre esta creadora. Mais a través de dúas breves pezas audiovisuais de Nani Miras –"Los tesoros y las sombras de María Mazás", elaborado para ser presentado na MITCFC, e "María Mazás, pintora", feito en 2009– e dunha entrevista publicada na revista *Datatèxtil* (nº 10, 2004), que publica o Circuit de Museus Tèxtils i de Moda de Catalunya, puiden mergullarme un pouco máis no seu mundo, puiden vela e escoitar a súa voz, entrar nos seus obradoiros de Barcelona e A Coruña, dous lugares máxicos onde todo semella cobrar vida; puiden visualizar parte da súa obra pictórica e escultórica, os seus chapeus-obra de arte; coñecín tamén as súas paixóns, o seu amor pola

natureza, e ouvín opinións de persoas que a coñeceron. As respostas á entrevista de Roger López, "Pensar los sueños: sombreros de creación", ilustran a quen as lea sobre as dificultades que tivo para entrar no oficio, os diferentes procedementos de elaboración das obras, as innovacións introducidas a partir das investigacións que realizaba, as exposicións internacionais; sobre a súa presenza en pasarelas internacionais de moda... Ilustran, en definitiva, sobre todo o que conformou o seu proceso creativo. Das súas habelenciosas mans saíron audaciosos chapeus que eran/son algo máis que obxectos de adorno, son auténticas obras artísticas elaboradas con talento, con imaxinación desbordante, con moita fantasía. Algunhas destas pezas únicas comparten espazo, desde hai quince anos, coas de grandes creadoras e creadores –Marie Mercié, Pauline Adam de la Bruyère, Jacques Pinturier, entre outros– no Musée du Chapeau de Chazelles-sur-Lyon.

A respecto da súa paixón polo chapeu, María Mazás dicía deberse "a la importancia que le otorgo a la cabeza, en ella es donde se encuentran las alas". Voar! Trasládase a un mundo onde a ilusión, o deleite e a maxia das súas mans converteron en esculturas, non só os seus fascinantes chapeus, senón tamén os materiais de refugallo que arrastran as ondas do mar e fican espaxados polos areais e polas rochas: velaí as súas enigmáticas e lindas "crebas", que lembran, por outra parte, que a arte e a cultura, ferramentas moi poderosas para a sustentabilidade, constitúen un dos piares da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostíbel aprobada por Nacións Unidas. O voo de María Mazás tamén nos traslada a un mundo en que a harmonía das cores, as formas, as texturas, plásmanse en *collages*, en óleos, figurativos ou abstractos, inzados de suxestións. No seu "Poemario Atlántico", hai palabras, algunhas repetidas –"enigma", misterio", "silencio", "secreto", "baleiro", "soño", "maxia", "abandono", "esquecemento", "fantasía"– que mostran as correspondencias que se establecen entre a arte plástica e literaria, dúas linguaxes que serven para expresar estados emotivos, para explorar territorios desde unha perspectiva sensitiva. Son as linguaxes da alma de María Mazás, vehículos expresivos das fonduras do seu espírito.

Non podía faltar neste poemario a referencia ao acto de voar: "A libélula e o anxo que perdeu a súa á. E voou". A feminista francesa, escritora e filósofa Hélène Cixous escribiu que voar é o xesto propio das mulleres que aprendemos mil maneiras de pór en práctica esta arte e as súas variadas técnicas, atopando cando o desexamos pasadizos angostos, segredos, entrecruzados. Xohana Torres ten un verso esclarecedor que enlaza con Cixous: "Liberdade e voo/ son a mesma palabra". Tamén para María Mazás.

Estas miñas palabras, ás que xa poño remate, ditadas desde a admiración, son tamén un convite para entrardes no mundo metafórico da artista, un mundo que desborda a pura plasticidade: cruzade os espazos do silencio, reconcentrádevos na pura contemplación, no movemento, na liberdade, no sosego, que nos achegan as súas obras. Admirade a súa sinfonía de luz e cores... Se é certo que María era tímida e non falou de si propia, segundo manifestan persoas que a coñeceron, nesta altura a súa obra fala por ela. Na entrevista xa citada dixo que a beleza está onde a ollada pode descansar tranquila. Pois si. Após o goce estético que produce a visión das súas obras, ou ao mesmo tempo, chega a serenidade. Poñámoslle un fondo musical.